

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 3/10, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO ABERTO, MULTICRITERIO E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DO SUBMINISTRO DUN SUBSISTEMA DE ALMACENAMENTO EN REDE

Con data 21 de decembro de 2010, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, Fundación CESGA), a través do procedemento aberto, multicriterio e suxeito a regulación harmonizada, do subministro dun subsistema de almacenamento en rede (expediente de contratación número 03/10).

Con data 21 de decembro de 2010 foi enviado o anuncio de licitación deste expediente ao Diario Oficial da Unión Europea, e publícase no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA e na plataforma de contratación da Xunta de Galicia.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 31 de xaneiro de 2011, as 14:00 horas), recibíronse no Rexistro interno da Fundación CESGA as seguintes ofertas:

- Foron entregadas en man na Fundación CESGA o día 31/01/11 as seguintes propostas:
 - EDNON
 - PLEXUS
 - Internacional Periféricos y memorias España, S.L.
 - QED
- Foron presentadas por correo certificado, e foron enviados por fax os xustificantes desa presentación o 31/01/10, as propostas das seguintes empresas:
 - TELINDUS, o orixinal en papel foi recibido o 01/02/11.
 - GRIDCORE, o orixinal en papel foi recibido o 01/02/11
 - BULL España, S.A., o orixinal en papel foi recibido o 01/02/11.
 - SATEC, o orixinal en papel foi recibido o 01/02/11,
 - FLYTECH, o orixinal en papel foi recibido o 02/02/11.
 - HEWLETT-PACKARD, o orixinal en papel foi recibido o 02/02/11.

Con data 14 de febreiro de 2011 constituíuse a Mesa de Contratación segundo o previsto no prego de condicións xurídicas, procedéndose ao exame e cualificación da documentación xeral dos licitadores contida no sobre A das propostas recibidas, observándose os seguintes defectos ou omisións emendables na documentación presentada:

- Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.: Non asume o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes tal e como establece o último parágrafo do apartado D da folia de especificacións do prego de condicións xurídicas.
- Hewlett-Packard Española, S.L.: Non consta a Declaración expresa sobre a circunstancia de pertencer a un grupo de empresas, segundo o modelo, axustándose ao modelo que figura como Anexo IV dos pregos de licitación.
- QED SYSTEMS, S.L.: Non consta acreditación da solvencia técnica e profesional por calquera dos medios que aparecen no apartado D da folia de especificacións do prego de condicións xurídicas.
- GRIDCORE: Non consta:
 - Documentación que acredite a personalidade xurídica do empresario: fotocopia compulsado do pasaporte do representante legal da empresa; tradución da inscrición no Rexistro Mercantil de Gridcore; tradución do documento de identificación fiscal.

- Acreditación da solvencia técnica e profesional por calquera dos medios que aparecen no apartado D da folia de especificacións do prego de condicións xurídicas.
- Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións do pregos de condicións xurídicas.
- FLYTECH: No sobre A non consta a seguinte documentación:
 - Acreditación da solvencia técnica e profesional por calquera dos medios que aparecen no apartado D da folia de especificacións do prego de condicións xurídicas.
 - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folia de especificacións do prego de condicións xurídicas.
 - Garantía provisional por importe equivalente ao 3 por 100 do orzamento de licitación, sen inclusión do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), é dicir, por importe de 10.762,43 euros.
O aval presentado pola empresa era por importe de 10.029,90 euros, é dicir, inferior ao esixido.

Polo tanto, tendo en conta o prego de condicións xurídicas, acórdase por unanimidade da Mesa de Contratación:

1. Requerir ás empresas licitadoras Internacional Periféricos y Memorias España, S.L., QED Systems, S.L., Hewlett-Packard Española, S.L. e GRIDCORE, para que corrixan, emenden ou aclaren a documentación presentada.
2. Comunicar á empresa FLYTECH que queda excluído do procedemento de contratación, xa que a falta de constitución da garantía provisional non se considera un defecto subsanable.

Finalizado o prazo conferido para a emenda de defectos na documentación xeral, a Mesa de Contratación reuniuse con data 23 de febreiro de 2011, constatando que todos os licitadores requiridos cumprimentaron o trámite e aportaron documentación suficiente e adecuada para emendar os erros ou omisións comunicados. A continuación, procedeuse a determinar os licitadores que se axustan aos criterios de selección, acordándose a admisión ao procedemento de licitación ás seguintes empresas:

- EDNON
- PLEXUS
- Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.
- QED SYSTEMS, S.L.
- TELINDUS.
- GRIDCORE.
- BULL España, S.A.
- SATEC.
- Hewlett-Packard Española, S.L.

Con data 2 de marzo de 2011, previa convocatoria enviada por correo electrónico aos licitadores admitidos ao procedemento de adxudicación con data 24 de febreiro de 2011, as 16:30 horas, na sede da Fundación CESGA celebrouse o acto público de apertura do sobre B (Documentación relativa aos criterios non avaliábeis de forma automática), ao que asistiron os seguintes licitadores:

Nome do licitador	Nome do representante
EDNON	Alexandre Viglianni
PLEXUS	Angel Taboada
Internacional periféricos y Memorias España, S.L.	Pedrag Paucek
QED Systems, S.L.	Jaime Saavedra
TELINDUS	Santiago Baixeras
BULL España, S.A.	Carlos González
SATEC	Pedro Santamarina
Hewlett-Packard Española, S.L.	David Mosquera

No acto público procedeu-se á apertura das propostas cualitativas presentadas polos licitadores admitidos, dando conta aos asistentes da relación de documentos que cada un dos sobres "B" contén no seu interior. Ningún dos asistentes ao acto público fixo observación algunha. Unha vez finalizado o acto público, a Mesa de Contratación, en sesión privada, procedeu a analizar as propostas cualitativas presentadas, observándose a necesidade de que se aclarasen os valores de rendemento e consumo enerxético das solucións propostas para unha mellor e adecuada valoración das mesmas. O requirimento de aclaración fíxose a todos os licitadores a través de correo electrónico enviado con data 28 de abril de 2011. Rematado o prazo conferido para aclarar o aspecto técnico das propostas cualitativas antes sinalado, tódalas empresas procederon a facilitar a información requirida.

Completada a información necesaria para o análise das propostas cualitativas, a Mesa de Contratación procedeu á valoración das mesmas conforme aos criterios cualitativos establecidos nos pregos de licitación. A continuación se sinalan, de forma sucinta, as conclusións e razoamentos que se tiveron en conta para a valoración de ofertas e a súa ponderación:

1. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.:
 - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Calidade tecnolóxica", tívose en conta que ofertaba 3 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 132 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 500 discos da solución, a memoria NAS de 48GB e 200GB con discos SSD, así como as capacidades de sistema de ficheiros xerárquico, snapshot, clone, virtualización, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4, razón pola que se lle concedeu un total de 10,00 puntos.
 - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Rendemento", tívose en conta os valores SPEC_NFS_2008 de 191583 e SPEC_CIFS_2008 de 254849, razón pola que se lle concedeu un total de 12,00 puntos.
 - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Garantía", tívose en conta os dous anos de garantía adicional, razón pola que se lle concedeu un total de 8,00 puntos.
 - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Subsistema de disco", tívose en conta a capacidade RAID0 total de 156000GB, e o subministro de 60 discos de 15K RPM e 60 discos de 7,2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 3,45 puntos.
 - Para a valoración e ponderación do criterio relativo á "Eficiencia enerxética", tívose en conta o consumo total da solución de 3,33KVAs, razón pola que se lle concedeu un total de 3,65 puntos.
 - Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao "Soporte técnico", tívose en conta o soporte 24x7 cun tempo de resposta de 2 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 4,00 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 30 horas de formación ofertadas, razón pola que se lle concedeu un total de 1,13 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 puntos.

2. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador BULL España, S.A.:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 3 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 72 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 250 discos da solución, a memoria NAS de 36GB e 200GB con discos SSD, así como as capacidades de sistema de ficheiros xerárquico, snapshot, clone, virtualización, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4, razón pola que se lle concedeu un total de 8,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta os valores SPEC_NFS_2008 de 174167 e SPEC_CIFS_2008 de 231681, razón pola que se lle concedeu un total de 10,91 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta os dous anos de garantía adicional, razón pola que se lle concedeu un total de 8,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 155400GB, e o subministro de 59 discos de 15K RPM e 60 discos de 7,2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 3,40 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total da solución de 3,25KVAs, razón pola que se lle concedeu un total de 3,70 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 24x7 cun tempo de resposta de 4 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 3,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 16 horas de formación ofertadas, razón pola que se lle concedeu un total de 0,60 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, ademais da relación do material, razón pola que se lle concedeu un total de 1,25 puntos.

3. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador PLEXUS:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 2 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 84 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 1440 discos da solución, a memoria NAS de 96GB e 2000GB con tarxetas de ampliación, así como as capacidades snapshot, virtualización, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4 e sistema de ficheiros en cluster, razón pola que se lle concedeu un total de 10,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta os valores SPEC_NFS_2008 de 175000, razón pola que se lle concedeu un total de 9,13 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta o ano de garantía adicional e o custo adicional de 34515€ por ano, razón pola que se lle concedeu un total de 5,40 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 160800GB, e o subministro de 144 discos de 15K RPM e 48 discos de 7,2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 6,87 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total da solución de 5,91KVAs, razón pola que se lle concedeu un total de 1,96 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 12x7 cun tempo de resposta de 4 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 2,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 32 horas de formación, razón pola que se lle concedeu un total de 1,20 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.

4. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador SATEC:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 2 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 84 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 1440 discos da solución, a memoria NAS de 96GB e 2000GB con tarxetas de ampliación, así como as capacidades snapshot, virtualización, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4 e sistema de ficheiros en cluster, razón pola que se lle concedeu un total de 10,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta os valores SPEC_NFS_2008 de 160000 e SPEC_CIFS_2008 de 64200, razón pola que se lle concedeu un total de 8,86 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta que non proporciona ningunha ampliación de garantía e o custe de esta por ano e de 33310€, razón pola que se lle concedeu un total de 2,97 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 200400GB, e o subministro de 72 discos de 15K RPM e 168 discos de 7.2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 6,97 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total da solución de 6,44KVAs, razón pola que se lle concedeu un total de 1,61 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 24x7 cun tempo de resposta de día seguinte laborable, razón pola que se lle concedeu un total de 2,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 24 horas de formación, razón pola que se lle concedeu un total de 0,90 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.

5. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador EDNON:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 2 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 92 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 480 discos da solución, a memoria NAS de 68GB, así como as capacidades de sistema de ficheiros xerárquico, snapshot, virtualización, thinprovisioning, compresión, soporte NFSv4, razón pola que se lle concedeu un total de 7,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta o valor SPEC_NFS_2008 de 146076, razón pola que se lle concedeu un total de 7,62 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta o ano de garantía adicional e o custo por ano de 23044€, razón pola que se lle concedeu un total de 6,26 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 81000GB e o subministro de 180 discos de 15K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 6,14 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total da solución de 6,02KVA, razón pola que se lle concedeu un total de 1,89 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 24x7 cun tempo de resposta de 4 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 3,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 16 horas de formación, razón pola que se lle concedeu un total de 0,60 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.

6. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador TELINDUS:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 2 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 42 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 1572840 discos, a memoria NAS de 96GB e 620GB con discos SSD, así como as capacidades de snapshot, clone, virtualización, iSCSI, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4, razón pola que se lle concedeu un total de 9,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta o valor SPEC_NFS_2008 de 21098, razón pola que se lle concedeu un total de 1,10 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta o ano de garantía adicional e o custo adicional de 26000€ por ano, razón pola que se lle concedeu un total de 6,04 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 134800GB e o subministro de 18 discos de 15K RPM e de 124 discos de 7.2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 2,69 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total de 2,8KVA, razón pola que se lle concedeu un total de 5,84 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 24x7 cun tempo de resposta de 4 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 3,50 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 32 horas de formación, razón pola que se lle concedeu un total de 1,20 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, ademais da relación do material, razón pola que se lle concedeu un total de 1,25 puntos.

7. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador QED SYSTEMS, S.L.:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 2 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 44 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 576 discos da solución, a memoria NAS de 512GB e 2000GB con discos SSD, así como as capacidades de sistema de ficheiros xerárquico, snapshot, clone, soporte iSCSI, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4, razón pola que se lle concedeu un total de 9 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta os valores SPEC_NFS_2008 de 60389 e SPEC_CIFS_2008 de 53546, razón pola que se lle concedeu un total de 3,57 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta que non proporciona ampliación de garantía e o custo anual de 23000€, razón pola que se lle concedeu un total de 4,53 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 80000GB e o subministro de 80 discos de 7,2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 0,12 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total de 4,69KVA, razón pola que se lle concedeu un total de 2,76 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 24x7 con tempo de resposta de 4 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 3,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 24 horas de formación ofertadas, razón pola que se lle concedeu un total de 0,90 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, ademais da relación do material, razón pola que se lle concedeu un total de 1,25 puntos.

8. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador Hewlett-Packard Española, S.L.:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 4 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 176 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 384 discos da solución, a memoria NAS de 192GB, así como as capacidades de sistema de ficheiros xerárquico, snapshot, clone, virtualización, soporte iSCSI, thinprovisioning, compresión e soporte NFSv4, razón pola que se lle concedeu un total de 11,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta os valores SPEC_NFS_2008 de 37592 e SPEC_CIFS_2008 de 42378, razón pola que se lle concedeu un total de 2,29 puntos.

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta que non proporciona ampliación de garantía e o custo anual de 52000€, razón pola que se lle concedeu un total de 0 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 total de 83200GB e o subministro de 64 discos de 15K RPM e de 64 discos de 7.2K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 2,57 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total de 6,7KVAs, razón pola que se lle concedeu un total de 1,44 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 24x7 con tempo de resposta de 4 horas, razón pola que se lle concedeu un total de 3,50 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 42 horas de formación ofertadas, razón pola que se lle concedeu un total de 1,58 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta a claridade da presentación da oferta e a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.

9. Polo que respecta á proposta cualitativa presentada polo licitador GRIDCORE:

- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade tecnolóxica”, tívose en conta que ofertaba 2 servidores, a súa conectividade ethernet equivalente a 52 puertos Gigabit Ethernet, o soporte de ata 7200 discos da solución, a memoria NAS de 128GB, así como as capacidades de sistema de snapshot, clone, virtualización, soporte iSCSI, thinprovisioning, deduplicación, compresión, soporte NFSv4 e sistema de ficheiros en cluster, razón pola que se lle concedeu un total de 9,00 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Rendemento”, tívose en conta que non presentou os datos solicitados, razón pola que se lle concedeu un total de 0 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Garantía”, tívose en conta que non presentou o dato do custo anual de mantemento, razón pola que se lle concedeu un total de 0 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Subsistema de disco”, tívose en conta a capacidade RAID0 de 72000GB e o subministro de 120 discos de 15K RPM, razón pola que se lle concedeu un total de 3,43 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Eficiencia enerxética”, tívose en conta o consumo total de 8,9KVAs, razón pola que se lle concedeu un total de 0 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo ao “Soporte técnico”, tívose en conta o soporte 9x5 con tempo de resposta día seguinte laborable, razón pola que se lle concedeu un total de 0 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Xestión remota”, tívose en conta a provisión dunha ferramenta de xestión básica, razón pola que se lle concedeu un total de 1,00 punto.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Formación”, tívose en conta as 16 horas de formación ofertadas, razón pola que se lle concedeu un total de 0,60 puntos.
- Para a valoración e ponderación do criterio relativo á “Calidade da presentación”, tívose en conta que presentou a descrición de cada un dos compoñentes da solución, razón pola que se lle concedeu un total de 0,50 puntos.

Por conseguinte, e trala valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios cualitativos establecidos nos pregos de licitación, o resultado obtido é o seguinte:

	IPM	Bull	Plexus	SATEC	EDNON	TELINDUS	QED	HP	Gridcore
1.- Calidade tecnolóxica	10	8	10,5	10,5	7,5	9,5	9	11,5	9
2.- Rendemento	12	10,91	9,13	8,86	7,62	1,1	3,57	2,29	0
3.- Garantía	8	8	5,4	2,97	6,26	6,04	4,53	0	0
4.- Subsistema de disco	3,45	3,4	6,87	6,97	6,14	2,69	0,12	2,57	3,43
5.- Eficiencia enerxética:	3,65	3,7	1,96	1,61	1,89	5,84	2,76	1,44	0
6.- Soporte técnico.	4	3,5	2,5	2	3,5	3,5	3,5	3,5	0
7.- Xestión Remota:	1	1	1	1	1	1	1	1	1
8.- Formación:	1,13	0,6	1,2	0,9	0,6	1,2	0,9	1,58	0,6
9.- Calidade presentación:	1	1,25	1	1	1	1,25	1,25	1	0,5
TOTAL	44,23	40,36	39,56	35,81	35,51	32,12	26,63	24,88	14,53

Con data 19 de maio de 2011, previa convocatoria enviada por correo electrónico aos licitadores o día 13 de maio de 2011, as 13:00 horas, na sede da Fundación CESGA celebrouse o acto público de apertura do sobre C (Documentación relativa aos criterios avaliados de forma automática), ao que asistiron os seguintes licitadores:

Nome do licitador	Nome do representante
EDNON	Pablo Leis
PLEXUS	Angel Taboada
Internacional periféricos y Memorias España, S.L.	Pedrag Paucek
QED Systems, S.L.	Jaime Saavedra
TELINDUS	Santiago Baixeras
BULL España, S.A.	Carlos González
SATEC	Pedro Santamarina
Hewlett-Packard Española, S.L.	David Mosquera
NETAPP – SATEC – PLEXUS	Daniel Álvarez

No acto público procedeu en primeiro lugar a dar conta das puntuacións outorgadas ás propostas cualitativas (puntuación recollida no cadro resumo antes exposto). A continuación procedeu á apertura das propostas cuantitativas presentadas. O resultado de aplicar as

fórmulas indicadas no prego de condicións ás propostas cuantitativas (ofertas económicas) dos licitadores, é o seguinte:

EMPRESA	PREZO SEN IVE	PREZO CON IVE	VALORACIÓN
Bull	245.584,34	289.789,52	40,00
EDNON	322.873,00	380.990,14	30,42
Gridcore	343.465,00	343.465,00	28,60
HP	358.000,00	422.440,00	27,44
IPM	322.874,00	380.991,32	30,42
Plexus	340.951,43	402.322,68	28,81
QED	280.000,00	330.400,00	35,08
SATEC	322.873,02	380.990,17	30,42
TELINDUS	290.094,92	342.312,01	33,86

Ningún dos asistentes ao acto público fixo observación algunha, dándose por concluído o mesmo.

A Mesa de Contratación observa indicios que poden facer que a proposta cuantitativa presentada polo licitador Bull España, S.A. poida ser considerada como desproporcionada ou anormal posto que a porcentaxe de baixa que presenta excede en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Por tal motivo requíreselle (20 de maio de 2011) para que no prazo de 5 días hábiles xustifique por escrito a valoración da súa oferta e precise as condicións da mesma e a garantía de que co prezo ofertado poderá cumprir exacta e puntualmente as obrigas e condicións establecidas nos pregos que rexen o expediente de contratación.

Con data 25 de maio de 2011, o licitador Bull España, S.A. presenta un escrito xustificando e garantindo que, polo prezo ofertado, pode cumprir exacta e puntualmente as obrigas e condicións establecidas nos pregos de licitación. A Mesa de Contratación atopa suficiente para dar por boa a xustificación do licitador, razón pola que acorda a aceptación da oferta dese licitador como de normal cumprimento.

Por conseguinte, e trala valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións, o resultado obtido é o seguinte:

CRITERIO	Bull	IPM	Plexus	SATEC	TELINDUS	EDNON	QED	HP	Gridcore
Criterios Cualitativos	40,36	44,23	39,56	35,81	32,12	35,51	26,63	24,88	14,53
Criterios Cuantitativos	40,00	30,42	28,81	30,42	33,86	30,42	35,08	27,44	28,60
TOTAL	80,36	74,65	68,37	66,23	65,98	65,93	61,71	52,32	43,13

Con data 1 de xuño de 2011, a Mesa de Contratación, á vista das puntuacións obtidas polas propostas dos licitadores admitidos e que se reflicten no cadro-resumo anterior, emitiu proposta de adjudicación do contrato a favor da empresa Bull España, S.A., por considerar que a súa oferta é a máis vantaxosa para cubrir as necesidades de contratación da Fundación CESGA.

Á vista da proposta de adjudicación da Mesa de Contratación, das actas das súas actuacións, e das propostas dos licitadores, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos da Fundación CESGA,

ACORDO:

Primeiro.- Adjudicar o contrato para o subministro dun subsistema de Almacenamento en Rede, á empresa Bull España, S.A. titular do NIF A78882404, polo importe de dous centos corenta e cinco mil cinco centos oitenta e catro euros con trinta e catro céntimos (245.584,34€), máis corenta e catro mil dous centos cinco euros con dezaioito céntimos (44.205,18€) que corresponden ao imposto sobre o valor engadido, o que supón un total de douscentos oitenta e nove mil setecentos oitenta e nove euros con cincuenta e dous céntimos (289.789,52€), con cargo á partida de inmovilizado.

Segundo.- Comunicar aos licitadores a adjudicación do contrato e simultaneamente publicar a ditada adjudicación no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA.

Terceiro.- A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince (15) días hábiles dende que se remita a notificación de adjudicación aos licitadores candidatos.

Farase requirimento ao adjudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco (5) días a contar dende o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto sen que se interpoña recurso especial en materia de contratación que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

Fronte á presente resolución poderá interpoñerse, perante ao órgano de contratación e no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, o recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 310 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011,



O Director Xerente da Fundación
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío